



REAL ACADEMIA GALEGA

Normas de uso da Hemeroteca

ACCESO Á SALA DE CONSULTA

Non se permite o acceso á sala de lectura con obxectos persoais como bolsas, paraugas, etc., nin con materiais potencialmente perigosos para os fondos (tesoiras, cíter, cinta adhesiva, cola, líquido corrector, comida ou bebida). Na conserxería, situada na planta baixa, dispoñen de consignas para seren utilizadas polos usuarios da hemeroteca.

Da utilización de material hemerográfico e documental propio, ordenador portátil ou equipos especiais deberá darse conta ao persoal da sala.

SOLICITUDE DE CONSULTA

O persoal da hemeroteca facilitará ao investigador a consulta dos fondos nos horarios establecidos. Quince minutos antes do peche da sala non se servirá material de consulta.

Para a solicitude de fondos cubrirase unha papeleta de pedimento, que deberá ser entregada debidamente cuberta ao persoal da sala. Pódense solicitar un máximo de 3 títulos simultaneamente.

CONSULTA

O investigador deberá facer un uso adecuado dos materiais prestados para evitar calquera tipo de alteración.

Se nos documentos consultados se detectase algún tipo de anomalía ou resultasen danados no momento da consulta, o usuario deberá comunicalo ao persoal da sala.

Non se permite o emprego de bolígrafos, plumas e outros útiles de escritura que puidesen danar de maneira irreversible os libros. Empregarase unicamente o lapis.

Os investigadores procurarán traballar en silencio e evitar ruídos e molestias aos demais lectores. Os teléfonos móbiles permanecerán desconectados durante a estancia na sala.

Non está permitido realizar ningún tipo de reproducción fotográfica por parte do usuario.

Os investigadores non poderán sacar da sala os materiais que lle fosen servidos.

Antes de abandonar a sala, o investigador deberá devolver ao persoal da hemeroteca os materiais que lle fosen prestados e agardará a que este comprobe a correspondencia entre o material entregado e o solicitado.

